


# Sophie Blanchard
# 1778 – 1819

*En van tírase a rede diante dos ollos das que teñen ás.*

*Gabriela Mistral*

O seu mundo foi o aire e abriu a todas as mulleres o camiño para alcanzar o ceo. Primeira muller en voar en globo, bateu récords de ascensión -3600 metros- da súa época (1811), especializándose en voos nocturnos.

Foi a primeira persoa en cruzar voando os Alpes.

Pagaría coa súa vida o buscar deste modo a independencia económica que na terra lle era negada....

## Xaneiro

Mulleres Que Tocaron O Ceo

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1<br>1996 Donna Haraway, bióloga e filósofa feminista publica "Ciencia, Cyborgs e Mulleres". |
| 2<br>2003 Pasamento de Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa. | 3<br>1972 Falece Elisabeth Schiemann, xenetista e botánica que se opuxo ao nazismo. | 4<br>1990 Sae por 1º ano a Axenda Feminista Galega, que edita Mulleres Nacionalistas Galegas. | 5<br>**1902 Nace en Viveiro Maruxa Mallo, pintora surrealista autora de "Sorpresa do trigo".** | 6<br>**1991 Cristina Fdz. Piñeiro, primeira muller árbitra de balonmán, ascende á categoría internacional.** | 7<br>**1355 Inés de Castro, executada en Portugal por razón de Estado reinará despois de morta.** | 8<br>Ás nenas vítimas do infanticidio. En Asia "faltan" 100 millóns de nenas. |
| 9<br>**1999 Nace como muller Laura Bugallo, presidenta de Trans-Galiza. Primeira transexual legalmente recoñecida en Galiza.** | 10<br>**1983 Publícase o 1º número de ANDAINA, revista galega de pensamento feminista.** | 11<br>1980 Pasamento de Celia Sánchez Manduley, figura mítica da revolución cubana. | 12<br>1976 Falece Agatha Christie, escritora inglesa de novelas de suspense. | 13<br>1916 No Iucatán, México, iníciase o I Congreso Feminista Nacional. | 14<br>1918 Nace Rosa Laviña, militou no exilio en Solidaridad Internacional Antifascista. | 15<br>1919 Morre asasinada Rosa Luxemburgo, revolucionaria, fundadora del Partido Comunista Alemán. |
| 16<br>1932 Nace Dian Fossey, zoóloga especializada en gorilas. | 17<br>**1911 Nace en Cambados Nieves Fariza Alonso, mestra e laborista coñecida como "A Pasionaria Branca".** | 18<br>**1937 é fusilada no Castelo de San Felipe Amada García, mugardesa militante do PCE.** | 19<br>1966 Indira Gandhi é elixida Primeira Ministra da India. | 20<br>1758 Nace Marie-Anne Paulze (Madame Lavoisier), "nai" da química moderna. | 21<br>1790 A Asemblea Nacional Francesa proclama a igualdade ante a lei excluindo ás mulleres. | 22<br>1952 Nace Amparo Cano García. Catedrática de Bioquímica. Investigación no cancro. |
| 23<br>**1622 María Soliño é sentenciada a morte por meiga, en Cangas do Morrazo.** | 24<br>1889 Nace Marjory Stephenson, investigadora do metabolismo bacteriano. | 25<br>1882 Nace Virxinia Wolf, escritora inglesa e feminista. "Un cuarto de seu". | 26<br>A Margarida Ledo, Patricia Ferreira, Iciar Bollain, Isabel Coixet, G. Querejeta... cineastas. | 27<br>A Tereixa Navaza, C. Sarmiento, Lola Álvarez, Montse Boix…, e máis xornalistas comprometidas. | 28<br>1873 Nace a escritora Colette. Parte da súa obra publicouse co nome do seu home. | 29<br>1997 Lotta Kronlidy inutiliza compoñentes armamentísticos dunha fábrica inglesa. |
| 30<br>1901 Nace Jimena Menéndez Pidal, mestra defensora da coeducación. | 31<br>**1820 Nace Concepción Arenal, escritora galega, xornalista e experta en Dereito.** | | | | | |

**Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012**

STEG
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad — Secretaría de Estado de Igualdad — Instituto de la Mujer
STES-INTERSINDICAL Organización de Mujeres